



**COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA
DO DÍA 20 DE ABRIL DE 2017**

1. Apróbase por asentimento a acta da reunión ordinaria do día 9 de febreiro de 2017 coa corrección dun erro tipográfico detectado na páxina 3¹.

2. Acórdanse por asentimento as seguintes notas aclaratorias en relación cos Traballos de Fin de Grao:

a) Que o TFG deberá axustarse ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no artigo 2.5 do Regulamento para elaborar o Tralaballo de Fin de Grao, computándose unicamente a estes efectos os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e coas notas a pé de páxina tamén incluídas. Non se computarán os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas, bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, sí se incluírán no número máximo de páxinas.

b) Respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilidades ao efecto, será o tribunal avaliador o que tome a decisión.


3- Apróbase por maioría que non se procederá á gravación do acto de defensa dos TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesarios para que esta ofrezca as garantías necesarias.

Ourense, 21 de abril de 2017



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 20 de abril de 2017, se publicaron oficialmente na web e no taboleiro de anuncios da Facultade o día 21 de abril de 2017.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹A documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.